

O XOGO DO PAPAPÍO

O **XOGO DO PAPAPÍO** preséntase como un proxecto didáctico interactivo. O principal obxectivo será que os nenos e nenas, entre 3º e 6º de primaria, coñezan e valoren a figura de Carlos Casares na súa faceta profesional e literaria e tamén nos distintos aspectos da súa vida a través dunha actividade educativa e lúdica. Esta actividade está organizada pola Fundación Carlos Casares e subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

> Que é o Papapío?



O Papapío é unha linguaxe imaxinaria para poder falar cos animais que Carlos Casares inventou no seu conto infantil *A galiña azul*. Neste caso, no "Xogo do Papapío", o Papapío será un actor que encarna un personaxe estrefalario e simpático que, de xeito ameno, resumiralles aos participantes a biografía do autor e dirixirá o xogo.



> "O crebracabezas de Carlos Casares"

A segunda parte do xogo consiste na realización e deseño dun cubo / crebracabezas de cartón, onde cada cara do mesmo recrea un aspecto da vida e da obra do escritor. En cada un dos lados empregárase unha técnica distinta e a súa correcta elaboración depende da concentración, memoria e atención que os nenos e nenas presten ás indicacións e comentarios do Papapío.

Primeira cara: O álbum de Carlos Casares.


Segunda cara: Afeccións de Carlos Casares.

Terceira cara: As palabras de Carlos Casares seguen vivas.

Cuarta cara: Érase unha vez os contos de Carlos Casares.

Quinta cara: O seu froito, a súa obra.

Sexta cara: Carlos Casares. O concurso.



> Reflexión da profesora M^a Dolores Crespo Couselo. C.E.I.P. Pintor Laxeiro

"O que máis destacaríaa da actividade é a orixinalidade da proposta: un cubo, seis caras e seis puntos fundamentais da vida e obra de Carlos Casares. Un cubo como metáfora de vida: imaxes, ideas, obra, sentimentos... Todo isto envolto en sorpresa e xogo para conseguir achegar de forma lúdica aos nenos/as a vida e a obra de Carlos Casares".

7 de decembro de 2009



FICHA TÉCNICA

- > **Duración:** 90-100 minutos aproximadamente.
- > **Número de participantes:** ata 30 escolares.
- > **Idades dos participantes:** Entre 3º e 6º de Primaria.
- > **Necesidades para a realización:**
 - 30 cadeiras.
 - Mesas para 30 nenos/as.
 - Indicacións precisas para a localización do colexio e datos da persoa responsable da recepción dos monitores.
 - O profesor/a titor/a da clase que realizará o xogo deberá estar presente e no caso de que isto non sexa posible deberá designar un substituto/a.
- > **Actores e monitoras:**
 - Xosé Manuel Esperante
 - Edgard Costas
 - Diana Giráldez
 - Nuria Tombo
- > **Contacto para solicitar actos gratuítos:**
 - Fundación Carlos Casares
 - 986.225.785 / 654.383.822
 - fundacioncarloscasares@fundacioncarloscasares.org
 - Persoa de contacto: Miguel Valverde

O Xogo do Papapío é un deseño orixinal de Mekané didáctica & eventos s.l. para a Fundación Carlos Casares



Actividade subvencionada por:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

